

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30/06/2022.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (abandona a sesión ás 13h:30m)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.(abandona a sesión ás 13h:31m)

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as doce horas e oito minutos do día trinta de xuño de dous mil vinte e dous, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e o Interventor accidental Municipais.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

O Interventor accidental

D. José Luis Sande Vázquez

Non asiste (xustificando a ausencia):

D^a Ángela Piñeiro Carrera

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.-. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 31/03/2022

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 24/05/2022

SESIÓN ORDINARIA DE 26/05/2022.

(Expediente TEdC: 2022/G006/000153)

Recibidas polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 24/05/2022



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SESIÓN ORDINARIA DE 26/05/2022.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 24/05/2022

SESIÓN ORDINARIA DE 26/05/2022.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro”

Sen intervencións, sométese a votación a acta da **sesión extraordinaria e urxente do día 24/05/2022**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 24/05/2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación a acta da **sesión ordinaria do día 26/05/2022**, quedando **ADOPTADO** por **por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Joshua Dopico López, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; 1 voto a favor da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D^a Rocío Souto Torre; e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera por non estar presente na sesión do 26/05/2022, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 26/05/2022.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DAR CONTA COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO ESFORZO FISCAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO ESFORZO FISCAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020

(Expediente TEdE: 2022/G006/000152)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En cumprimento das obrigas de remisión de información do esforzo fiscal ao Ministerio de Hacienda y Función Pública, rematando o prazo o 30/06/2022.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- *Dar conta do informe de Intervención de referencia 227/2022, de asunto: "Comunicación da remisión do esforzo fiscal correspondente ao exercicio 2020"*

As concelleiras e concelleiros presentes, **TOMAN RAZÓN**.

3.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME AO "PROTOCOLO MARCO DEL PROGRAMA AGENTE TUTOR" ELABORADO NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA O PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP).

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 27/06//2022:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO"

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 27 de xuño de 2022

EXPDTE: 2022/G012/000012

Sesión nº: 2022/13

3.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME AO "PROTOCOLO MARCO DEL PROGRAMA AGENTE TUTOR" ELABORADO NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA O PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO"

ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME AO "PROTOCOLO MARCO DEL PROGRAMA AGENTE TUTOR" ELABORADO NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DELEGACIÓN DO GOBERNO PARA O PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP).

Expediente 2022/X999/000082

Tendo en conta o "Protocolo Marco para el Programa Agente Tutor", desenvolvido no marco do "Convenio Específico de Colaboración entre el Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad (Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas) y la Federación Española de Municipios y Provincias".

O Axente Titor centra a súa actuación no ámbito da prevención e protección do/a menor. O Protocolo Marco centra a súa atención en actuacións que teñen que ver con situacións relacionadas co entorno escolar, como son a prevención de drogodependencias, o absentismo escolar ou a violencia entre iguais. Tamén en roblemáticas detectadas no medio aberto, coma o consumo na vía pública ou a venda de alcohol e tabaco a menores en en locais e establecementos públicos. Ademais, ten en conta outras incidencias que acontecen no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Protocolo marco do Programa Axente Titor (que obra no expediente), recolle o grao de axuste e definición necesario para mantera o mesmo tempo dúas funcións: ser unha guía útil para a implantación e posta en marcha do “Programa Axente Titor” en calquera municipio do territorio español, e estar dotado dunha capacidade esencial de adaptación ás diversas realidades locais que podan ser obxecto de demanda.

O Axente Titor é unha persoa empregada pública, membro da policía municipal, con formación específica, especializada en cooperar na resolución de conflitos privados e na actuación no entorno escolar. É un/ha colaborador/a próximo que facilita a resolución destas problemáticas, incluídas as condutas de risco relacionadas con nenos e nenas e adolescentes dentro do medio aberto. É un/ha policía local adicada/especialmente á colaboración coas profesionais do mundo educativo e do ámbito social, sen perder a condición de axente da autoridade e todo o que representa.

Tendo en conta os principios de intervención dos/as axentes tutores/as, os ámbitos de aplicación do Programa Axente Titor, a Metodoloxía de actuación dos/as axentes, así como as súas funcións.

Logo de ver o informe da Policía Local, documento asinado dixitalmente en data 24.02.2022, no que se considera de grande interese para este Concello, polos contidos que desenvolve, a representación da Policía Local de Ponte deume no dito proxecto, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno do Concello de Ponte deume, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Ponte deume ao “Protocolo Marco del Programa Agente Tutor”, elaborado no marco do Convenio de Colaboración entra a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), aceptando todas as bases e condicións do Protocolo.

SEGUNDO.- Autorizar ao Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos se deriven da adhesión.

TERCEIRO.- Remitir á FEMP o formulario de adhesión, conforme ao sinalado no propio documento.”

A Presidencia abre a quenda para o debate...//....

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D^a. Alejandra Bellón**, concelleira do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, reitera o dito na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, explica a proposta e as vantaxes da adhesión. Comenta que nos últimos anos houbo un incremento na casuística, a sociedade está cambiando, existindo novas problemáticas familiares, afirma que este programa encaixa perfectamente con estas necesidades, désígnase un axente titor, que é un membro da policía local, con formación específica, sendo un referente para os centros escolares.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, concelleiro do Grupo Municipal do PP, están de acordo o voto vai a ser a favor.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, concelleiro do Grupo Municipal do BNG, pregunta se a persoa titor, xa está designada e cando irá á formación?

- **Toma a palabra D^a. Alejandra Bellón**, di que a convocatoria sairá a finais de ano e os cursos serán en febreiro ou marzo.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, pregunta se este titor depende só da policía local, ou da concellería?

- **Toma a palabra D^a. Alejandra Bellón**, indica que existe un convenio, haberá un policía en coordinación cos distintos departamentos. Despois de asinar esta adhesión, os centros educativos teñen que adherirse, solicitar participar no programa e entón o axente pode intervir dentro do centro. Se os centros non se adhiren, o axente intervén ata a porta.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, comenta que sería bo que as fichas estean en galego, indicando que en outros municipios existe xa o protocolo en galego. Votarán a favor.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Ponte deume ao “Protocolo Marco del Programa Agente Tutor”, elaborado no marco do Convenio de Colaboración entra a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), aceptando todas as bases e condicións do Protocolo.

SEGUNDO.- Autorizar ao Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos se deriven da adhesión.

TERCEIRO.- Remitir á FEMP o formulario de adhesión, conforme ao sinalado no propio documento.

4.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2022-2024

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 27/06//2022:

“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 27 de xuño de 2022

EXPDTE: 2022/G012/000012

Sesión nº: 2022/13

4.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2022-2024

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2022-2024

Expediente: 2022/A013/000001

Tendo en conta a providencia da Alcaldía de data 27.05.2022, para a tramitación do expediente cara a aprobación do “Plan estratéxico de subvencións” do Concello de Ponte deume.

Tendo en conta o documento “Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ponte deume 2022-2024”, asinado dixitalmente en data 31.05.2022.

Logo de ver o informe da intervención municipal de referencia 210/2022 de 13.06.2022.

Loo de ver o informe da Secretaria Xeral de data 16/06/2022.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte, **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o “Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ponte deume 2022-24”, do seguinte teor literal:

“PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE PONTEDEUME 2022-24

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 8. Principios xerais.

1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa

aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O citado artigo 8 foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios rectores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os

efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 indica que:

ARTIGO 5. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se plantexen deben estar recollidas no mesmo. A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduzca conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos costes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social cuxa regulación se contén nas bases de execución do orzamento do 2021 motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: ". Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial". Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, , coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudasmunicipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións.

O Concello de Ponte deume non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que segue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, comercial, asociativo,cultural, educativo e deportivo do concello.

Para dar cumprimento á citada normativa , o Concello de Ponte deume aproba o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2022 a 2024 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; si ben, se adecúa a súa vixencia á desta corporación e en prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal,de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA

Os Planes Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración. A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxetivos de estabilidade orzamentaria , polo que a aprobación das correspondientes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias , se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencions, é o Pleno da Corporación , dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

O Concello de Ponte deume concederá subvencions a favor de persoas físicas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ARTIGO 5. LÍÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello de Ponte deume resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas nas bases de Execución do Orzamento.

Con carácter xeral , as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nas Bases de Execución do orzamento..

As Líñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as líñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Líña 1: Fomento da promoción do deporte, tecido social ,o comercio, a cultura, a educación e mocidade nos seus distintos ámbitos.
- Líña 2: Fomento da conciliación familiar, turismo e servizos sociais.

5.1. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, O COMERCIO, ASOCIACIÓNS, CULTURA ,EDUCACIÓN E MOCIDADE.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello , con fins de carácter educativo ,social, fomento do comercio, cultural e deportivo .

b) Obxectivos específicos:

- Apoiar a educación en igualdade de condicións para a adquisición de material escolar.
- Apoiar o mantemento e funcionamento das ANPAS dos centros educativos de Ponte deume e apoiar á realización doutras actividades que propien a participación e o encontro entre os alumnos.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.
- Fomento das actividades extraescolares.
- Fomento das actividades das asociacións de veciños como parte fundamental da dinamización das parroquias.
- Fomento das actividades culturais levadas a cabo por agrupacións sen ánimo de lucro do termo municipal por ser transmisoras da cultura eumesa en todos os seus ámbitos.
- Fomento do comercio , da creación e da innovación comercial como parte importantísima da riqueza do noso municipio.
- Fomento do deporte , tanto aficionado coma federado no ámbito dos obxectivos de desenvolvemento sostible que implementan os hábitos dunha vida saudable da nosa veciñanza.
- Fomento da creación literaria narrativa así como investigadora con carácter etnográfico da nosa Comarca.

c) Prazo de execución: Anual.

d) Costes previsibles:

Os costes previstos para o periodo 2022-2024 serán ata o máximo da disponibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en xeral por concorrencia competitiva, e de forma

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

directa para as entidades que figuren nominativamente nas Bases de Execución do Orzamento.

g) *Plan de actuación:*

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan suscribirse ou dictarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN FAMILIAR, TURISMO E SERVIZOS SOCIAIS

a) *Obxectivo estratéxico:*

Co obxectivo de fomentar a conciliación familiar e o asentamento de poboación no Concello de Ponte deume, así como programas de prevención de condutas adictivas ou de fomento da igualdade de oportunidades a persoas en risco de exclusión social e a promoción turística da nosa vila que repercute positivamente na economía da mesma.

b) *Obxectivos específicos:*

- Fomentar a conciliación no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo e o asentamento da poboación no Concello de Ponte deume.

- Fomento de programas de promoción turística que repercutan positivamente na economía e posta en valor cultural da nosa vila.

-- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos ámbitos dos servizos sociais, tales como actividades nas áreas de familia, infancia e mocidade; persoas maiores; diversidade funcional; drogodependencias e outros trastornos aditivos; violencia de xénero; igualdade de oportunidades e persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social e/ou laboral.

c) *Prazo: Convocatorias anuais.*

d) *Costes previsibles: Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.*

e) *Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.*

f) *Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concorrencia competitiva, de conformidade coa ordenanza que regule a súa concesión.*

g) *Plan de actuación: O procedemento de concesión para a execución desta liña estratéxica realizarase en concorrencia de conformidade coa ordenanza aprobada.*

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elexible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan convinte a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIACIÓN

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencions que establece que “tamén se poderán realizar pagos anticipados que supodrán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención”, as bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiación do tipo de proxecto a subvencionar , dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencions do Concello de Ponte deume, realizaráse de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencions concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Ponte deume, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.

- Control e seguimento do Plan , que será recopilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instructores do procedemento de concesión das Subvencions, se procederá a remitir no primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte , memoria de avaliación.

- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente , o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencions da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencions concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do

Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencions, como no Taboeiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboeiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.”

SEGUNDO. *Publicar o contido íntegro do Plan no Boletín Oficial da Provincia e taboeiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, para xeral coñecemento. Simultaneamente, publicar o texto do Plan municipal no portal web do Concello de Ponte deume e no portal de transparencia municipal ubicado na sede electrónica municipal.*

TERCEIRO. *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.*

CUARTO. *Dar traslado aos servizos administrativos afectados polo contido do acordo adoptado.”*

A Presidencia a abre a quenda para o debate...//....

*Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D^a. Alejandra Bellón**, reitera o dito na Comisión Informativa Permanente de Asunto Xerais do Pleno, trátase dun tema que ten relación con todas as subvencións do concello.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, parécelle ben, é unha proposta de carácter político-programático, fai unha pregunta referente o informe de intervención nº 210/2022, no segundo punto non entende o que quere dicir “No PES que consta no se define 2 liñas que coincide co contido das subvencións...”. De seguido comenta que o voto vai a ser a favor.

O Interventor accidental aclara a pregunta formulada por D. Luis Pena Mosquera

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o “Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ponte deume 2022-24”, do seguinte teor literal:

“PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCI^ÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME 2022-24

PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ARTIGO 8. Principios xerais.

1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa

aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

O citado artigo 8 foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios rectores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os

efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 indica que:

ARTIGO 5. Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O Plan Estratéxico , en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calqueira proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se plantexen deben estar recollidas no mesmo. A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduzca conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos costes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social cuxa regulación se contén nas bases de execución do orzamento do 2021 motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue: “. Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial”. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, , coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións.

O Concello de Ponte deume non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que segue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, comercial, asociativo, cultural, educativo e deportivo do concello.

Para dar cumprimento á citada normativa , o Concello de Ponte deume aproba o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2022 a 2024 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; si ben, se adecúa a súa vixencia á desta corporación e en prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA

Os Planes Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria , polo que a aprobación das correspondientes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias , se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

O Concello de Ponte deume concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LÍÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello de Ponte deume resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas nas bases de Execución do Orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nas Bases de Execución do orzamento..

As Líñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as líñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Líña 1: Fomento da promoción do deporte, tecido social, o comercio, a cultura, a educación e mocidade nos seus distintos ámbitos.
- Líña 2: Fomento da conciliación familiar, turismo e servizos sociais.

5.1. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, O COMERCIO, ASOCIACIÓNS, CULTURA, EDUCACIÓN E MOCIDADE.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter educativo, social, fomento do comercio, cultural e deportivo.

b) Obxectivos específicos:

- Apoiar a educación en igualdade de condicións para a adquisición de material escolar.
- Apoiar o mantemento e funcionamento das ANPAS dos centros educativos de Ponte deume e apoiar á realización doutras actividades que propien a participación e o encontro entre os alumnos.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.
- Fomento das actividades extraescolares.
- Fomento das actividades das asociacións de veciños como parte fundamental da dinamización das parroquias.
- Fomento das actividades culturais levadas a cabo por agrupacións sen ánimo de lucro do termo municipal por ser transmisoras da cultura eumesa en todos os seus ámbitos.
- Fomento do comercio, da creación e da innovación comercial como parte importantísima da riqueza do noso municipio.
- Fomento do deporte, tanto aficionado coma federado no ámbito dos obxectivos de desenvolvemento sostible que implementan os hábitos dunha vida saudable da nosa veciñanza.
- Fomento da creación literaria narrativa así como investigadora con carácter etnográfico da nosa Comarca.

c) Prazo de execución: Anual.

d) Costes previsibles:

Os custos previstos para o período 2022-2024 serán ata o máximo da dispoñibilidade das



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en xeral por concurrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente nas Bases de Execución do Orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan suscribirse ou dictarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN FAMILIAR, TURISMO E SERVIZOS SOCIAIS

a) Obxectivo estratéxico:

Co obxectivo de fomentar a conciliación familiar e o asentamento de poboación no Concello de Ponte deume, así como programas de prevención de condutas adictivas ou de fomento da igualdade de oportunidades a persoas en risco de exclusión social e a promoción turística da nosa vila que repercute positivamente na economía da mesma.

b) Obxectivos específicos:

- Fomentar a conciliación no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo e o asentamento da poboación no Concello de Ponte deume.

- Fomento de programas de promoción turística que repercutan positivamente na economía e posta en valor cultural da nosa vila.

-- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos ámbitos dos servizos sociais, tales como actividades nas áreas de familia, infancia e mocidade; persoas maiores; diversidade funcional; drogodependencias e outros trastornos aditivos; violencia de xénero; igualdade de oportunidades e persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social e/ou laboral.

c) Prazo: Convocatorias anuais.

d) Costes previsibles: Os costes previstos para o periodo de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concurrencia competitiva, de conformidade coa ordenanza que regule a súa concesión.

g) Plan de actuación: O procedemento de concesión para a execución desta liña estratéxica realizarase en concurrencia de conformidade coa ordenanza aprobada.

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o periodo elexible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan convinte a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIACIÓN

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que “tamén se poderán realizar pagos anticipados que supodrán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención”, as bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiación do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ponte deume, realizaráse de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Ponte deume, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instructores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.
- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboeiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboeiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.”

SEGUNDO. Publicar o contido íntegro do Plan no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, para xeral coñecemento. Simultaneamente, publicar o texto do Plan municipal no portal web do Concello de Ponte deume e no portal de transparencia municipal ubicado na sede electrónica municipal.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

CUARTO. Dar traslado aos servizos administrativos afectados polo contido do acordo adoptado

5.- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VÍA PÚBLICA: NOME INVENTARIO MUNICIPAL RÚA D DE VER. NOVA DENOMINACIÓN RÚA A GAFA

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 27/06//2022:

“5.- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VÍA PÚBLICA: NOME ACTUAL, RÚA D DE VER, NOVA DENOMINACIÓN, RÚA A GAFA

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VÍA PÚBLICA: NOME INVENTARIO MUNICIPAL RÚA D DE VER. NOVA DENOMINACIÓN RÚA A GAFA

Tendo en conta as peticións dos veciños de Pontedeume, entre a que se encontra a feita pola AAVV de Boebre de data 04/10/2021 con nº de rexistro de entrada 1380, onde solicitan, que se poña nome a rúa identificada no inventario do concello de Pontedeume co nome de rúa D De Ver, código de inventario 1VIA0690023665, motivadas principalmente pola dificultade de recibir as notificacións de correo postal, e a dificultade na localización dos inmobles

Segundo o estipulado na Resolución de 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución de 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e da Dirección General de Cooperación Autonómica y Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, no que no seu apartado 14.4 sinala: “Cada vía urbana debe estar designada por un nome aprobado por el Ayuntamiento. Dentro de un municipio no puede haber dos vías urbanas con el mismo nombre salvo que se distingan por el tipo de vía o por pertenecer a distintos núcleos de población del municipio”.

Considerando o establecido no capítulo relativo á comprobación e control do padrón municipal, do artigo 75 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial, o cal dispón: “Los Ayuntamientos mantendrán actualizadas la nomenclatura y rotulación de las vías públicas y la numeración de los edificios, informando de ello a todas las Administraciones Públicas interesadas. Deberán mantener también la correspondiente cartografía o, en su defecto, referencia precisa de las direcciones postales”.

Por todo o dito, ponse de manifesto a importancia que a nomenclatura, rotulación das vías públicas, e a numeración dos edificios ten para o Padrón municipal, e por ende para a formación do censo electoral. Ademais por todos é sabido a importancia desta nomenclatura e rotulación para os veciños do municipio, e para a cidadanía en xeral, dando seguridade e axilizando a localización de inmobles no termo municipal, o cal serve para múltiples actos da vida da cidadanía.

En uso das atribucións que me confire o artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar que a rúa identificada no inventario municipal co nome de rúa D De Ver, código de inventario 1VIA0690023665, pase a denominarse rúa **A GAFA**, nome co que antigamente coñecíase o lugar onde radica.

SEGUNDO.- Notificar o acordo que recaía aos propietarios dos inmobles sitos na rúa identificada no inventario municipal co nome de rúa D De Ver, código 1VIA0690023665, identificados cas referencias catastrais seguintes:

Referencia catastral	Referencia catastral
4355917NJ6045S0001ML.	4155703NJ6045N0001QA
4355916NJ6045S0001FL	4155702NJ6045N0001GA
4355915NJ6045S0001TL	4155701NJ6045N0001YA
4355901NJ6045N0001ZA	4058747NJ6045N0000SP
4355936NJ6045S0000QK	4058745NJ6045N0001KA

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Referencia catastral	Referencia catastral
4355932NJ6045N0001SA	4155735NJ6045S0001QL
4355926NJ6045N0001IA	4155734NJ6045N0001GA
4355925NJ6045N0001XA	4155722NJ6045N0001EA
4355923NJ6045N0001RA	4155715NJ6045S0001DL
4355922NJ6045S0001KL	4155714NJ6045S0001RL
4355921NJ6045S0001OL	4155713NJ6045S0001KL
4355920NJ6045S0001ML	4155712NJ6045S0001OL
4355919NJ6045S0001KL	4155711NJ6045N0001MA
4355918NJ6045S0001OL	4155710NJ6045N0001FA
4155704NJ6045N0001PA	4155709NJ6045N0001OA

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo ao Instituto Nacional de Estadística, ó Centro de Gestión Catastral e Cooperación Tributaria do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ao Rexistro da Propiedade e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos e ás Entidades, empresas e Organismos que presten no municipio servizos destinados á colectividade

QUINTO.- Publicar o cambio de nome no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do concello de Ponte deume, para xeral coñecemento

SEXTO.- Que polos servizos municipais se proceda á sinalización que corresponda, coa nova denominación, e a realizar os cambios oportunos en planos e documentos municipais.”

A Presidencia a abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes.”

A Presidencia abre a quenda para o debate

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, Alcalde-Presidente, comenta que as entregas do correo postal estaban xerando problemas, buscouse a toponimia da zoa para o nome.

- **Toma a palabra D. Luis pena**, parécelle ben a proposta, e o uso de nomes que xa se usaban antigamente.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar que a rúa identificada no inventario municipal co nome de rúa D De Ver, código de inventario 1VIA0690023665, pase a denominarse rúa **A GAFA**, nome co que antigamente coñecíase o lugar onde radica.

SEGUNDO.- Notificar o acordo que recaia aos propietarios dos inmobles sitios na rúa identificada no inventario municipal co nome de rúa D De Ver, código 1VIA0690023665, identificados cas referencias catastrais seguintes:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Referencia catastral	Referencia catastral
4355917NJ6045S0001ML.	4155703NJ6045N0001QA
4355916NJ6045S0001FL	4155702NJ6045N0001GA
4355915NJ6045S0001TL	4155701NJ6045N0001YA
4355901NJ6045N0001ZA	4058747NJ6045N0000SP
4355936NJ6045S0000QK	4058745NJ6045N0001KA
4355932NJ6045N0001SA	4155735NJ6045S0001QL
4355926NJ6045N0001IA	4155734NJ6045N0001GA
4355925NJ6045N0001XA	4155722NJ6045N0001EA
4355923NJ6045N0001RA	4155715NJ6045S0001DL
4355922NJ6045S0001KL	4155714NJ6045S0001RL
4355921NJ6045S0001OL	4155713NJ6045S0001KL
4355920NJ6045S0001ML	4155712NJ6045S0001OL
4355919NJ6045S0001KL	4155711NJ6045N0001MA
4355918NJ6045S0001OL	4155710NJ6045N0001FA
4155704NJ6045N0001PA	4155709NJ6045N0001OA

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo ao Instituto Nacional de Estadística, ó Centro de Gestión Catastral e Cooperación Tributaria do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ao Rexistro da Propiedade e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos e ás Entidades, empresas e Organismos que presten no municipio servizos destinados á colectividade

QUINTO.- Publicar o cambio de nome no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do concello de Ponte deume, para xeral coñecemento

SEXTO.- Que polos servizos municipais se proceda á sinalización que corresponda, coa nova denominación, e a realizar os cambios oportunos en planos e documentos municipais.”

6.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 20, SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 3, E ANULACIÓN PARCIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 3.

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 27/06//2022:

“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 27 de xuño de 2022

EXPDTE: 2022/G012/000013

Sesión nº: 2022/12

2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 20, SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 3, E ANULACIÓN PARCIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 3.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Anulación parcial da modificación de crédito número 3, na modalidade de suplemento de crédito, e aprobación da modificación de crédito número 20, na modalidade de suplemento de crédito.

Expediente 2022/T002/000003 e 2022/T002/000020

Vista a modificación de crédito número 3/2022 na modalidade de suplemento de crédito, aprobada na sesión plenaria do 24/02/2022 e publicado o acordo definitivo no BOP número 65, de 5 de abril, expedientes TEdC números 2022/G006/000028 enlazado co 2022/T002/000003

Visto que no dito expediente aprobouse a seguinte modificación:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
IDAE. Rehabilitación enerxética servizos sociais.-	2020/2/ME/2	2311.63200	194.000	87000	487.500,08
Adquisición terreos. Finca en r/Empedrado	2022/5/MV/1	150.60000	118.000		
Adquisición terreno para aparcadoiro en Andrade	2022/5/MV/2	150.60000	6.292		
Adquisición de terreno en Ombre- Bufarda	2022/5/MV/3	150.60000	25.538,51		
Adquisición de terreno en Vilar para aparcadoiro	2022/5/MV/4	150.60000	24.483,27		
Mellora pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avda. da Coruña	2022/2/MW/1	1532.61900	119.186,30		

Visto o Decreto número 278/2022, de 28/04/2022, no que se resolvía:

“PRIMERO.- Declarar desierta la licitación del contrato para la ejecución de las obras contenidas en el proyecto “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE PONTEDEUME” (IDAE 2020), cofinanciada con cargo al “PROGRAMA DE AYUDAS A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020” (Expediente: 2022/C003/000003) procedimiento negociado sin publicidad, en virtud del acuerdo de la mesa de contratación de fecha 26.04.2022 (...).”

Visto polo tanto que en atención ao dito acordo o Concello non pode cumprir cos prazos de adxudicación e polo tanto non vai percibir a subvención do IDAE, logo de terse realizado dous procedementos de licitación, procede anular parcialmente o suplemento de crédito relativo ao dito proxecto de gasto, en relación coa parte financiada co remanente de tesourería para gastos xerais,

Vista a necesidade de utilizar o dito remanente para acometer os seguintes investimentos (logo de terse tamén anulado parcialmente o expediente de modificación de créditos número 2, de incorporación de remanentes, no referido tamén á declaración de deserta da licitación do contrato financiado polo IDAE indicado), de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
Pavimentación rúa	2022/5/MV/5	1532.61900	48.254,17	87000	262.065,58

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Valeriano Villanueva					
Pavimentación rúa do Picho	2022/5/MV/6	1532.61900	46.814,56		
Ampliación camiño de A Graña a Figueirido	2022/5/MV/7	1531.61900	12.342		
Subministración xogos de parque infantil en Ombre	2022/5/MV/8	171.61900	18.100		
Construción de aparcamento público en Avda. Ricardo Sánchez, Boebre, Avda. do Peirao, Ombre, S. Pedro de Vilar		133.60900	84.529,35		
Subministración de mesas y sillas	2022/5/MV/9	920.62500	3.949,20		
Subministración de arquímetros	2022/5/MV/10	133.60900	17.240,02		
Instalación de puntos de luz	2022/5/MV/11	165.60900	13.720,83		
Renovación peche pista Sarmiento	2022/5/MV/12	342.61900	10.952,25		
Dotación instrumentos local de ensaio	2022/5/MV/13	334.62300	6.163,20		

E visto o informe de Intervención de referencia 225/2022 que consta no expediente,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Que se anule parcialmente a modificación de crédito número 3, na modalidade de suplemento de crédito, realizada por importe total de 487.500,08 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito na parte relativa ao IDAE, rehabilitación enerxética de servizos sociais, de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
IDAE. Rehabilitación enerxética servizos sociais.-	2020/2/ME/2	2311.63200	194.000	87000	194.000

SEGUNDO.- Que se aprobe o expediente de modificación de créditos número 20, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
Pavimentación rúa Valeriano Villanueva	2022/5/MV/5	1532.61900	48.254,17	87000	262.065,58
Pavimentación rúa do Picho	2022/5/MV/6	1532.61900	46.814,56		
Ampliación camiño de A Graña a Figueirido	2022/5/MV/7	1531.61900	12.342		
Subministración	2022/5/MV/8	171.61900	18.100		

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

xogos de parque infantil en Ombre				
Construción de aparcamento público en Avda. Ricardo Sánchez, Boebre, Avda. do Peirao, Ombre, S. Pedro de Vilar		133.60900	84.529,35	
Subministración de mesas y sillas	2022/5/MV/9	920.62500	3.949,20	
Subministración de parquímetros	2022/5/MV/10	133.60900	17.240,02	
Instalación de puntos de luz	2022/5/MV/11	165.60900	13.720,83	
Renovación peche pista Sarmiento	2022/5/MV/12	342.61900	10.952,25	
Dotación instrumentos local de ensaio	2022/5/MV/13	334.62300	6.163,20	

TERCEIRO. - Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno."

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes."

A Presidencia abre a quenda para o debate.:

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, como xa comentou na Comisión de Asuntos Económicos e Facenda, no ano 2021, grazas ás xestións do goberno, recibiron unha subvención do IDAE, Rehabilitación enerxética servizos sociais, que quedou deserta en dou ocasións, motivada polo aumento de prezo dos materiais de construción, puxéronse en contacto co IDAE, e o único mecanismo era renunciar a subvención e acudir a adxudicación directa en novas subvencións. Finalmente da conta das actuacións do modificado que consta na proposta.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, comenta que é unha situación que están vivindo moitos concellos, sacouse a licitación a obra cun un incremento de case un 70 %, inasumible para as empresas, por iso quedou deserta, é un edificio que ten gran parte da súa cuberta en madeira, cando se sacou o procedemento negociado quedou deserta porque a empresa licitadora presentou mal a documentación. De seguido di que falou con IDAE, e que se prevé que os concellos que por este motivo non puideron adxudicar se está analizando a posibilidade de, en posteriores quendas, utilizar a adxudicación directa.

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, quedoulle claro, están de acordo

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, entende que se modificará o proxecto con actualización de prezos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, responde que un 30 ou 40% máis, pero vaise esperar.
- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, comenta que intentarase que financie o IDAE.
- **Toma a palabra D. Luis Pena**, pregunta si se van a comprar dous parquímetros?, e cantas prazas terán?, tamén pregunta sobre cales son os instrumentos aos que fai referencia a proposta.
- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, responde un parquímetro para a praza do Conde e outro para a praza do Camiño Inglés, será zona azul sen cobro, terán entre 15 ou 18 prazas aproximadamente, respecto a pregunta dos instrumentos, contesta que serán para o local de ensaio
- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, comenta en relación aos instrumentos, que son amplificadores, micros, batería, cables, para o local de ensaio, é material compatible, que pode ser utilizado por todos.
- **Toma a palabra D. Luis Pena**, parécelle ben, o voto vai a ser abstención, comenta que sería interesante montar unha asociación, sería máis doado de xestionar.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **2 abstencións** do concelleiros do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a. Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Que se anule parcialmente a modificación de crédito número 3, na modalidade de suplemento de crédito, realizada por importe total de 487.500,08 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito na parte relativa ao IDAE, rehabilitación enerxética de servizos sociais, de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
IDAE. Rehabilitación enerxética servizos sociais.-	2020/2/ME/2	2311.63200	194.000	87000	194.000

SEGUNDO.- Que se aprobe o expediente de modificación de créditos número 20, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	PROXECTO DE GASTO	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
Pavimentación rúa Valeriano Villanueva	2022/5/MV/5	1532.61900	48.254,17	87000	262.065,58
Pavimentación rúa do Picho	2022/5/MV/6	1532.61900	46.814,56		
Ampliación camiño de A Graña a Figueirido	2022/5/MV/7	1531.61900	12.342		
Subministración	2022/5/MV/8	171.61900	18.100		

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

xogos de parque infantil en Ombre					
Construción de aparcamento público en Avda. Ricardo Sánchez, Boebre, Avda. do Peirao, Ombre, S. Pedro de Vilar		133.60900	84.529,35		
Subministración de mesas y sillas	2022/5/MV/9	920.62500	3.949,20		
Subministración de parquímetros	2022/5/MV/10	133.60900	17.240,02		
Instalación de puntos de luz	2022/5/MV/11	165.60900	13.720,83		
Renovación peche pista Sarmiento	2022/5/MV/12	342.61900	10.952,25		
Dotación instrumentos local de ensaio	2022/5/MV/13	334.62300	6.163,20		

TERCEIRO.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes

7.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 21, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. VARIAS ÁREAS GASTO.

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 27/06//2022:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 27 de xuño de 2022

EXPDTE: 2022/G012/000013

Sesión nº: 2022/12

3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 21, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO. VARIAS ÁREAS GASTO.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 21, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 8.-

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto o expediente 2022/T002/000021, coa Providencia da Alcaldía para modificar o orzamento do exercicio 2022 mediante a modalidade de transferencia de crédito por importe total de 100.200 euros correspondente á modificación de crédito número 21, modalidade transferencia de crédito número 8,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Considerando o disposto no artigo 180 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento, concretamente na base número 12,

Visto o informe da Intervención de referencia 226/2022, asinado dixitalmente o 21 de xuño

Considerando a finalidade do presente expediente, que é a de outogar cobertura orzamentaria para facer fronte a atender á convocatoria das subvencións en concorrencia competitiva deportivas, así como á nova aula da escola infantil de setembro en adiante, e os custos de alumeado de nadal do ano 2021, ao achegarse neste ano 2022 as facturas; financiado con exceso de crédito consignado en gastos de persoal
E visto que as aplicacións orzamentarias que ceden crédito están en distintas áreas de gasto,

PROPOÑO que o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito segundo o seguinte:

APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO		APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO	
341.48001	44.000	920.13000	100.200
3232.47200	17.100		
334.20300	39.100		

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación de crédito proposta, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar a modificación proposta resumida por capítulos no BOP”

A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 5 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSOE: D. José Simoes Couceiro, D^a. Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro, e **2 abstencións** do concelleiro do PP (1): D. Luis Ángel Díaz González e da concelleira do BNG (1): Dna. Rocío Souto Torre”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, como xa explicou na Comisión de Asuntos Económicos e Facenda do luns, tense que habilitar crédito para financiar a nova aula da escola infantil, as subvencións deportivas do ano 2022 e os custos de alumeado de nadal do ano 2021.

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, están de acordo, quedoulle claro

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito segundo o seguinte:

APLICACIÓNS QUE INCREMENTAN CRÉDITO		APLICACIÓNS QUE CEDEN CRÉDITO	
341.48001	44.000	920.13000	100.200
3232.47200	17.100		

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

334.20300	39.100		
-----------	--------	--	--

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación de crédito proposta, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar a modificación proposta resumida por capítulos no BOP.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A RECOLLIDA DE BIORRESIDUOS.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A RECOLLIDA DE BIORRESIDUOS

O Grupo Municipal Popular no Concello de Ponte deume de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de abril entrou en vigor a *Ley 7/2022 de residuos y suelos contaminados para una economía circular*. No artigo 25 desta normativa, o Goberno central introduce a esixencia de que os concellos de máis de 5.000 habitantes deben ter implantada antes do 30 de xuño de 2022 a recollida separada dos biorresiduos de orixe doméstica.

Pola súa parte, tanto a Directiva Marco de Residuos europea como a Lei de Residuos de Galicia sitúan este prazo para implantar o quinto contedor a finais de 2023, sen diferenciar aos municipios en función da súa poboación.

Polo tanto, a decisión do Goberno central o que fai é reducir o prazo para as entidades locais de máis de 5.000 habitantes en 18 meses e darlles só 2 meses tras a entrada en vigor da lei para implantar a recollida separada dos biorresiduos.

Esta decisión afecta en Galicia a máis dun cento de concellos que teñen unha poboación superior ao 5.000 habitantes e que se ven obrigados a acelerar un proceso que leva meses implantar, co conseguinte prexuízo para os municipios e a práctica imposibilidade de cumprir os prazos fixados por lei.

Sendo, a todas luces, un período de tempo practicamente inasumible para que a maior parte dos concellos poidan implantar a necesaria recollida separada dos biorresiduos para o seu posterior axeitado tratamento.

Ademais, cómpre sinalar que o incumprimento deste prazo leva aparellado sancións de ata 100.000 euros para as entidades locais, xa que a lei estatal considera este feito como unha infracción grave.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

“O Pleno do Concello de Ponte deume insta ao Goberno central a ampliar o prazo fixado na Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos para que os municipios de máis de 5.000 habitantes implanten a recollida separada de biorresiduos, seguindo o estipulado na directiva europea e na Lei de Residuos de Galicia, que fixan a data límite en decembro de 2023”.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. José Simoes**, comenta que é un tema complicado, depende de normativa comunitaria, afirma que necesítanse contedores marróns, pero sobre todo unha limpeza semanal, mínima de tres veces á semana no verán, o custo sería 6 euros por contenedor, ademais levan unha chave e sería complicado darlla ós veciños, di tamén que é necesario mercar un camión novo sen caixa compactadora, gasto que non pode asumir o concello, pois o camión ronda os 15.000 €, máis o persoal necesario para a recollida. De seguido indica que a Xunta é coñecedora da problemática, foi atrasando as cousas, debería ser máis transparente, acaba de dar ao concello unha pequena subvención de 40.000 €, que non chega para nada, debería de poñer moito máis. O fondo da cuestión parécelle ben, sen embargo ningún concello pode cumprir eses prazos; existe unha problemática de coordinación, a Xunta tivo moito tempo para comezar a dar axudas, facer campañas de concienciación. Finalmente di que engadiría un punto, pedir á Xunta información de como reparte os fondos do Estado recibidos para este tema, por transparencia. Ao concello de Ponte deume, debido á carencia de persoal, custaríalle tempo conseguir ese tipo de reciclaxe, a planta máis preto é a de Cerceda. O voto vai a se a favor

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, afirma que non é especialista na Lei, nin coñece os gastos que pode implicar, parécelle ben a proposta do PSdeG-PSOE . En canto a proposta do Partido Popular é pouco realista, a ampliación do prazo non debería ser ilimitado, se non dicir ata cando. O voto sería a favor se se engade a frase, pedimos ás administracións que habilite unha liña de subvencións para poder cumprir esto en prazo.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, está de acordo co dito por D. Luis Pena

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, comenta que non vale ampliar prazos sen esforzos, por exemplo de adaptación de plantas, ir a Cerceda supón perda de tempo e custo, son 6 euros por colector, non están medidas as consecuencias que teñen para os concellos esta implantación, a Xunta ten que facer algo, habilitar fondos, xa non só nos concellos, se non para habilitar plantas como Sogama, e evitar facer quilómetros.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, están de acordo

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, pregunta que prazo se vai pedir

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, responde o prazo máximo posible, a D. Luis Ángel Díaz parécelle ben.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Ponte deume insta ao Goberno central a ampliar o prazo fixado na Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos para que os municipios de máis de 5.000 habitantes implanten a recollida separada de biorresiduos, seguindo o estipulado na directiva europea e na Lei de Residuos de Galicia, que fixan a data límite en decembro de 2023, ao máximo legalmente posible.

SEGUNDO.- Que a Xunta de Galicia dote de fondos aos concellos para poder facer fronte aos custos derivados da posta en marcha deste servizo, e adapte as plantas de tratamento de residuos para evitar longos desprazamentos dende os municipios.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN A TRANSFERENCIA DA COMPETENCIA SOBRE A XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN RELACIÓN A TRANSFERENCIA DA COMPETENCIA SOBRE A XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE

O Grupo Municipal Popular no concello de Ponte deume de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a Xunta de Galicia leva solicitando nos últimos anos ao Goberno central o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, desde a comunidade galega reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Esta transferencia permitiríalle a Galicia xestionar as autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre, como acontece nas comunidades de Andalucía e Cataluña e como se está a negociar tamén co País Vasco.

Este traspaso tamén facilitaría a simplificación de trámites e evitaría a duplicidade que pode chegar a provocar a existencia de dous niveles administrativos nesta zona e tomar decisións máis axeitadas.

Cómpre lembrar que na franxa do litoral están asentadas preto de 4.000 edificacións de 82 municipios e que Galicia e que, ademais, a transferencia da xestión permitiría rematar cos constantes ataques que vén recibindo por parte do Goberno central o complexo marindustria galego.

En definitiva, é indispensable para Galicia contar con esta transferencia, tendo en conta que a comunidade e os concellos do litoral son os que dispoñen dun maior grao de coñecemento da realidade do litoral galego e do valor que supón o seu patrimonio.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

"O Pleno do Concello Ponte deume insta ao Goberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre".

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. José Simoes**, comenta que nos trece anos de goberno da Xunta, non se conseguiu ningunha transferencia, fronte as 12 competencias en tan só 3 anos e medio do goberno de Pérez Touriño. Propoñen unha emenda que é a seguinte: *"O Pleno do concello de Ponte deume insta ao goberno central á convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia da ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre"*

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, comenta que o cerne do BNG é ampliar competencias, non só de xestión se non tamén de ordenación. Remitiron unha emenda o voceiro do Partido Popular, que vai na mesma liña, e presentárase no Parlamento Galego con unanimidade dos grupos, é a seguinte: *"O pleno do Concello de insta a Xunta de Galiza a solicitar urxentemente a convocatoria da comisión mixta de transferencias Xunta-Estado para impulsar a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias sobre as que xa houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras comunidades autónomas"*

Os grupos municipais están de acordo, ca emenda introducida

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, comenta que a Xunta pide a transferencia para aumentar os prazos das concesións das conserveiras. Pensa que é necesario redefinir o mapa de competencias, ten que estar todo nun mesmo organismo, é imprescindible que se aporten os recursos e persoal suficiente para desenvolver ditas competencias

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, comenta que de todos é sabido que o Partido Popular pide a transferencia por interese na costa, os están premendo, é unha petición interesada

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, di que as interesadas son as empresas, se se quitan as conserveiras no literal, en Galicia pouco quedaría.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Ponte deume insta ao Goberno central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre.

SEGUNDO.- O Pleno do concello de Ponte deume insta ao goberno central á convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia da ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias sobre as que houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras Comunidades Autónomas.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO.

Toma a palabra a concelleira do PSdeG-PSOE, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

MOCIÓN EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponte deume, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No eido educativo, a crise sanitaria da COVID -19 revelou de forma evidente a situación de precariedade que estamos a sufrir como consecuencia dos recortes que as políticas da Xunta de Galicia veñen impoñendo dende hai xa moitos anos. A necesidade dun incremento de recursos económicos e humanos para garantir o dereito fundamental e habilitador que é a Educaciónponse agora máis de manifesto ca nunca.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Deste xeito, durante a crise sanitaria , os **gobiernos locais** asumimos como propias ,con cargo as arcas municipais, competencias da administración autonómica, tal como a desinfección dos centros durante a xornada lectiva, por tratarse dunha tarefa de prevención estritamente sanitaria e non de mantemento e limpeza como establece a lei. As administracións locais de toda Galicia aforrámoslle á Consellería ao redor de 6.000.000€ en desinfeccións no pasado curso escolar.

A consellería non eliminou a fenda dixital que tanto se evidenciou co confinamento. Limitouse a “poñer tarefas” aos equipos directivos e profesorado que tiveron que montar en tempo “record” recursos tales como as aulas virtuais, pero nos consta que moito alumnado quedou “illado” porque non existía un “plan b” se contraían a Covid e tiñan que quedar na súa casa. Non houbo máis aportacións tecnolóxicas ou económicas para as familias con escasos recursos.

Entendemos que a pandemia debe servir para darnos conta da importancia da educación pública e das súas necesidades. Non é de recibo que as entidades locais asumisemos sen aportación externa algunha os custes derivados da pandemia mentres a administración autonómica sacaba peito da boa xestión realizada nin é de recibo que ante o aumento dos prezos derivados da guerra en Ucraína e o aumento do prezo da enerxía os concellos carguemos con todo o peso do mantemento da educación pública.

Estamos nunha constante loita entre as competencias da administración local e autonómica cada vez que temos que asumir un gasto dos centros escolares en cuestión xa non de mantemento senón de inversión, algo que pola lei de racionalización das entidades locais, nos non podemos asumir. E sexamos realistas, a maioría dos **centros educativos** contan con máis de 40 anos dende a súa construción, polo que a vida útil da súa instalación xa chegou ao seu fin e polo tanto xa non se trata , na meirande parte dos casos, dunha cuestión de reparación se non de investimento. Pero neste fogo cruzado sempre perden os centros escolares e polo tanto as nosas nenas e os nosos nenos.

Por outra banda é necesaria tamén unha **inversión en recursos humanos** e en profesorado tanto en docentes en xeral como en profesionais especialistas (Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación, etc...) . Cada ano, e dende a pandemia en maior medida, somos conscientes do aumento de trastornos e dificultades que se detectan no alumnado dende infantil a secundaria e os especialistas aportados por catálogo a cada centro non son suficientes, tal como o manifestan os propios centros e as familias.

Os **equipos directivos** e persoal docente foron un dos sectores máis sobrecargados de tarefas por parte da administración para sobre levar toda a pandemia e actualmente é un sector esgotado e burocratizado que non está a desenvolver o traballo para o que se formaron: a ensinanza, senón que precisamente por esta sobrecarga e falta de apoio están a realizar tarefas que non lle competen, e ese esgotamento repercute así no alumnado e no desenvolvemento curricular do mesmo, mermando unha vez máis o nivel da educación pública. Uns **docentes** que dende o pasado mes de xaneiro non ven cubertas as súas prazas en caso de baixa por Covid , tendo que ser cubertas por compañeiras e compañeiros do centro , chegando a haber 5 docentes de baixa á vez , sendo imposible atender a todas as aulas co profesorado existente.

Por outra banda temos que poñer o foco en recursos como o **transporte escolar** que está a vivir unha das súas peores xestións con queixas contínuas por parte dos centros; os **comedores escolares** e os servizos de madrugadores que deberían ser actividades complementarias e non extra-escolares para que poidan ser asumidas pola Xunta de Galicia e non por Anpas exhaustas e Concellos sen orzamentos; as equipas de orientación que non contan con persoal suficiente para atallar todas as casuísticas que se están a manifestar tanto en primaria como en secundaria (cun aumento considerable dos problemas emocionais entre adolescentes) e que os Concellos tentamos apoiar, aínda sen ser a nosa competencia con plans de apoio emocional municipais.

Como ven, son moitas as competencias que asumimos por ser a administración máis cercanas, a que lle pon cara ás necesidades e por un sentimento de responsabilidade coas nosas familias aínda sen ter recursos e sen ser a nosa obriga. Pero non podemos seguir asumindo esta situación por máis tempo. É preciso que a Consellería de Educación asuma dunha vez por

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

todas as súas responsabilidades e deixe de afogar economicamente co seu desleixo ás entidades locais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do concello de Ponte deume insta á Xunta de Galicia a:

- 1 Demandar a compensación dos gastos asumidos polos concellos na desinfección dos centros escolares como consecuencia da COVID 19.
- 2 Incrementar a dotación económica para os investimentos destinados á realización de obras nos centros educativos para corrixir as deficiencias existentes e mellorar e modernizar as súas instalacións.
- 3 Incrementar o número de docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe de acordo as necesidades dos centros que permita dar unha atención adecuada ao alumnado con NEAE, incrementar o número de profesorado dos centros escolares como apoio do persoal existente e aumentar o persoal do Equipo de Orientación Específico.
- 4 Dar cobertura das baixas médicas de profesorado por COVID-19 independente da duración da mesma.
- 5 Reconducir a xestión do transporte escolar e instaurar a gratuidade para o alumnado de Bacharelato por considerar o seu pagamento unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade que segundo establece a convención dos dereitos do neno (ata os 18 anos) ratificada polo goberno de España teñen dereito á non discriminación, ao desenvolvemento vital, á educación e á protección.
- 6 Establecer por parte da Xunta de Galicia a xestión directa dos comedores escolares como modelo de xestión prioritario.
- 7 Dotar aos centros de persoal técnico informático para o mantemento dos equipos dixitais e dotalos de persoal administrativo (unha persoa administrativa en centros de dúas liñas e unha persoa compartida en centros de unha).

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, comenta que non están de acordo con algún punto, di que hai 78 docentes contratados con 26 equipos, no referente a tarxeta de transporte non se meten, o voto vai a ser abstención, aínda que nalgún punto non teñen toda a razón.

- Toma a palabra D. Luis Pena, o voto vai a ser a favor

- Toma a palabra D^a Rocío Souto, comenta que a consellería non cubre as baixas de menos de sete días.

Acórdase por todos os grupos, quitar no punto catro do acordo a expresión, "*por Covid 19*"

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción emendada, quedando ADOPTADO por MAIORÍA de 10 votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Joshua Dopico López, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; e 2 abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; o ACORDO seguinte:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Demandar a compensación dos gastos asumidos polos concellos na desinfección dos centros escolares como consecuencia da COVID 19.
2. Incrementar a dotación económica para os investimentos destinados á realización de obras nos centros educativos para corrixir as deficiencias existentes e mellorar e modernizar as súas instalacións.
3. Incrementar o número de docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe de acordo as necesidades dos centros que permita dar unha atención adecuada ao alumnado con NEAE, incrementar o número de profesorado dos centros escolares como apoio do persoal existente e aumentar o persoal do Equipo de Orientación Específico.
4. Dar cobertura das baixas médicas de profesorado independente da duración da mesma.
5. Reconducir a xestión do transporte escolar e instaurar a gratuidade para o alumnado de Bacharelato por considerar o seu pagamento unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade que segundo establece a convención dos dereitos do neno (ata os 18 anos) ratificada polo goberno de España teñen dereito á non discriminación, ao desenvolvemento vital, á educación e á protección.
6. Establecer por parte da Xunta de Galicia a xestión directa dos comedores escolares como modelo de xestión prioritario.
7. Dotar aos centros de persoal técnico informático para o mantemento dos equipos dixitais e dotalos de persoal administrativo (unha persoa administrativa en centros de dúas liñas e unha persoa compartida en centros de unha).

11.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA REIVINDICAR UNHA SOLUCIÓN Á CAÓTICA SITUACIÓN DO SOCORRISMO CAUSADA POLA XESTIÓN DA XUNTA DE GALICIA.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D. José Simoes Couceiro, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

MOCIÓN PARA REIVINDICAR UNHA SOLUCIÓN Á CÁOTICA SITUACIÓN DO SOCORRISMO CAUSADA POLA XESTIÓN DA XUNTA DE GALICIA

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponte deume, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa chegada do verán comeza o servizo de socorrismo nas praias da nosa costa. En situación normal, os concellos galegos estarían articulando xa os seus servizos de vixilancia en plenitude e con garantías de cubrir integramente o servizo. Nembargantes, esta tempada estival os consistorios municipais están a padecer unha escaseza de persoal socorrista debido á xestión que se levou a cabo pola Xunta de Galicia que está a provocar un colapso serio.

O Goberno galego aprobou unilateralmente o decreto actualmente vixente, sen ter en conta as recomendacións dos sectores implicados, no que se recollía unha disposición transitoria que remataba en abril de 2021 e que permitía o desempeño das labores de socorrismo por un maior amplo número de persoas.

A aplicación deste decreto ao longo destes anos provocou, entre outras cuestión, unha evidente redución progresiva do número de socorristas, o que provoca que na actualidade exista un grave déficit na nosa comunidade.

O pasado ano 2021 ante a situación de colapso que esta medida ía a provocar e ante a presión social, a Xunta de Galicia deu marcha atrás e acabou recoñecendo esta situación de

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

insostibilidade cando se veu abocada a emitir Decreto 63/2021, do 22 de abril, no que a súa propia exposición de motivos dispón literalmente **“En prol de salvagardar e garantir a prestación do servizo de socorrismo na nosa comunidade e manter os numerosos postos de traballo que tal actividade orixina, é urxente e imprescindible prorrogar a habilitación provisional regulada na disposición transitoria única do devandito Decreto 104/2012, do 16 de marzo, a través da súa modificación.”**

Unha situación que se leva alertando dende hai xa moitos anos, particularmente dende o Partido Socialista de Galicia a través de sendas iniciativas parlamentarias nas que se puxo de manifesto esta realidade e se instou á Xunta de Galicia adoptar medidas que evitasen que se chegase á situación actual.

O pasado 31 de marzo de 2021 ante unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego, o goberno de Galicia respondeu que non sería necesaria unha nova prórroga porque se estaba a elaborar *“un novo Decreto, incrementando as vías de acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia salvagardando en todo momento os estándares de calidade e capacitación xa establecidos na normativa anterior”*.

Un ano despois, a Xunta de Galicia segue sen elaborar o novo Decreto que permita recuperar o pulo deste sector e garantir a prestación do servizo nas praias galegas.

Unha política en materia de socorrismo totalmente errática que lonxe de garantir a prestación dun servizo, a día de hoxe, básico nas nosas praias, provoca unha grave crise neste sector que vai conlevar a que moitas das praias da nosa costa non poidan estar abertas ao baño da cidadanía, así como á desaparición deste sector.

A pesar das múltiples advertencias que se realizaron por parte de todos os axentes implicados, a Xunta de Galicia optou por facer oídos e caso omiso, provocando a situación na que nos atopamos actualmente. A cidadanía galega non ten por que pagar a mala xestión da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Ponte deume insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas necesarias e urxentes para poñer unha solución a esta situación de absoluto desleixo nos servizos de socorrismo.
2. Prorrogar a habilitación provisional regulada na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, a través da súa modificación inmediata e excepcional.
3. Modificar as bases da convocatoria na que se regula a subvención aos Concellos para a contratación de persoal de salvamento, apostando por un sistema mixto, no que se permita a contratación do servizo a través dunha empresa naqueles supostos nos que fiquese deserta a convocatoria pública e suprimindo a esixencia de inscrición no Servizo Público de Emprego para levar a cabo a contratación polas entidades municipais.
4. Explorar vías alternativas para solucionar esta situación que permitan habilitar de maneira temporal e excepcional a aquelas persoas que gocen de módulos de salvamento dentro da súa formación acreditada.
5. Elaborar un novo decreto no que se regule a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas en consenso coa Fegamp, as federacións, asociación e axentes sociais do sector que permita revertir a situación actual.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. José Simoes Couceiro**, indica que é un tema que se repite todos os anos, sempre hai problemas, a Xunta non tomou ningunha medida. A subvención provisional chega moi tarde, mediados de maio, a definitiva ven en xullo, non hai socorristas e a

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

disposición derogatoria única esixe 12 meses de experiencia, é necesario polo tanto derogar esta disposición, cambiar a Lei, formar socorristas. Di que o concello fixo unha proba e quedou deserta, tívose que pedir prórroga, durante dous anos houbo que acudir a unha empresa privada. De seguido comenta que poderíase facer unha subvención mixta, como fan outras administracións, pódese contratar ou externalizar, a Xunta sabe perfectamente que os concellos non van poder coller a subvención, son cartos que eles se aforran. Seguramente haberá que acudir a unha empresa privada, asumindo o concello o custo

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, comenta que na convocatoria do INEM, de todas as persoas convocadas non se presentou ninguén, di que a Xunta obriga a unha formación de tres ou catro meses, para traballar dous, que ten un custo elevado de 1.300 €, sendo necesario ademais actualizalo, e por riba non habilita para traballar como socorrista nas piscinas municipais. A propia asociación de socorristas leva alertando da desaparición do persoal deste sector. Di que hai anos que existe este problema, non é só do concello de Ponte deume, o que pase nas praias do concello é responsabilidade da Xunta de Galicia, non se pode seguir con esta situación

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, comenta que existe un consenso coa Cruz Vermella, e a FEGAMP, non só está a Xunta de Galicia

- **Toma a palabra D. José Simoes Couceiro**, indica que a Xunta é a que da a homologación do título, é a responsable.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, afirma que levan anos advertindo esta situación, a Xunta non fixo absolutamente nada, non hai vixilancia nas praias, non se pode xogar coa seguridade das persoas.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, pensa que a oferta de socorristas non é a suficiente, non o ve claro. Se se vota por puntos, estarían a favor de todos excepto do punto número 3, que votarían abstención.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción por puntos:

Sométese a votación os puntos un, dous da moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

1. Adoptar as medidas necesarias e urxentes para poñer unha solución a esta situación de absoluto desleixo nos servizos de socorrismo.
2. Prorrogar a habilitación provisional regulada na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, a través da súa modificación inmediata e excepcional.

Sométese a votación o punto tres da moción quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Joshua Dopico López, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **2 abstencións** dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

3. Modificar as bases da convocatoria na que se regula a subvención aos Concellos para a contratación de persoal de salvamento, apostando por un sistema mixto, no que se permita a contratación do servizo a través dunha empresa naqueles supostos nos que fiquese deserta a convocatoria pública e suprimindo a esixencia de inscrición no Servizo Público de Emprego para levar a cabo a contratación polas entidades municipais.

Sométese a votación os puntos catro e cinco da moción, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. Explorar vías alternativas para solucionar esta situación que permitan habilitar de maneira temporal e excepcional a aquelas persoas que gocen de módulos de salvamento dentro da súa formación acreditada.
5. Elaborar un novo decreto no que se regule a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas en consenso coa Fegamp, as federacións, asociación e axentes sociais do sector que permita revertir a situación actual.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE POLO DÍA DO ORGULLO LGTBI 2022.

Retírase a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE "Polo días do orgullo LGTBI 2022" por UNANIMIDADE das concelleiras e concelleiros presentes.

13.-ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30/06/2022

(Expediente TEdC: 2022/G006/000154)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **346.2022** de 23 de maio ao **436.2022** de 22 de xuño de 2022, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/ G003/000366	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000346/2022	23-05-2022 11:21
2022/ G003/000374	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/05/2022	000347/2022	23-05-2022 14:25
2022/ G003/000371	Tramitación de Decretos Aprobación tramitación baixa usuaria dos Talleres culturais 2021/2022	000348/2022	23-05-2022 15:11
2022/ G003/000375	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 12, XERACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 5. APROL RURAL.-	000349/2022	24-05-2022 14:48
2022/ G003/000325	Solicitud Subvención Técnico de museos e Centros de Interpretación	000350/2022	24-05-2022 14:48
2022/ G003/000309	PAGO ATRASOS SALARIAIS MES ABRIL 2022 DE ...	000351/2022	25-05-2022 13:11
2022/	PERSOAL-APROBACIÓN CUSTO AXUDAS	000352/2022	27-05-2022

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

G003/000368	SOCIAIS PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO ANOS 2019 E 2020.		10:35
2022/ G003/000341	TESOURERIA: Solicitud Xeral a nome de... Solicita: A BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS EN AVDA. DR. VILLANUEVA Nº 3 E CON Nº FIXO 503000551706 E POR IMPORTE DE 45.08 EUROS	000353/2022	27-05-2022 13:12
2022/ G003/000339	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA DO VADO SITO EN AVDA DE FERROL 31 Nº DE AUTORIZACION 171 A EFECTOS 31/12/2021	000354/2022	27-05-2022 13:12
2022/ G003/000376	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA DO VADO SITO EN RUA CABANAS CO NUMERO DE LICENCIA MUNICIPAL 63 DENDE O 31/12/2021	000355/2022	27-05-2022 13:10
2022/ G003/000387	INCIDENCIAS NÓMINA MES MAIO 2022.	000356/2022	27-05-2022 13:10
2022/ G003/000390	PAGO NÓMINA MES MAIO 2022.	000357/2022	27-05-2022 13:10
2022/ G003/000394	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 13, XERACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 6. PERCEPTORES RISGA.-	000358/2022	27-05-2022 14:18
2022/ G003/000327	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/9	000359/2022	27-05-2022 14:21
2022/ G003/000379	Proosta de alta no servizo de axuda no fogar de libre concorrencia	000360/2022	27-05-2022 15:38
2022/ G003/000392	PAGO NÓMINA ATRASO MES MAIO 2022.	000361/2022	27-05-2022 15:38
2022/ G003/000364	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCTAL. DE DONA EVA Mª GUERRERO RICO OS DÍAS 31 DE MAIO, 3 E 17 DE XUÑO E 6 DE XULLO DE 2022.	000362/2022	27-05-2022 15:38
2022/ G003/000380	PAGO SEGUROS SOCIAIS MES ABRIL 2022.	000363/2022	30-05-2022 11:36
2022/ G003/000397	LIQUIDACIÓN AEAT CON Nº XUSTIFICANTE: 152216307436Q CORRESPONDENTE Á LIQ. EN EJECUTIVA S1780018280004569 DE ADIF.	000364/2022	01-06-2022 17:32
2022/ G003/000385	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000025759	000365/2022	01-06-2022 17:28
2022/ G003/000395	PEL CONCELLO 2022	000366/2022	01-06-2022 17:28
2022/ G003/000360	Solicitud Xeral a nome deSolicita: Solicito a devolución do importe pagado polo primeiro trimestre de xadrez (15 euros), ao non poder acudir por causas alleas a nós.	000367/2022	01-06-2022 17:28
2022/	Solicitud General a nome de ... Solicita: O reembolso da matrícula na seguinte conta bancaria:	000368/2022	01-06-2022

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

G003/000359	Abanca ES 2080 0201 9030 0007 1867		17:28
2022/ G003/000353	Tramitación de Decretos Aprobación listado de participantes nas II xornadas de formación en materia de igualdade: "A Comunicación Inclusiva na Administración Local	000369/2022	01-06-2022 17:28
2022/ G003/000399	RESOLUCIÓN PAGO ATRASOS ANTIGÜIDAD MELP, E AXUDAS SOCIAIS AVP.	000370/2022	01-06-2022 17:28
2022/ G003/000378	APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS Nº 2 A Nº 6 - ÚLTIMA DA OBRA -RENOVACIÓN DE COLECTOR DE PLUVIAIS EN VENTOSA-, 2021/C002/000024.	000371/2022	02-06-2022 14:31
2022/ G003/000407	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL , JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ POR DESFRUTE DO PERÍODO VACACIONAL DA INTERVENTORA TITULAR..	000372/2022	02-06-2022 14:31
2022/ G003/000377	EXPEDIENTE DE EXPROPIACION FORZOSA PARCELAS 6969313NJ6066N0001LD E IDEM 12 PARA PROXECTO DE MELLORA NO SANEAMENTO EN CABANAS PONTEDEUME I FASE.	000373/2022	02-06-2022 14:31
2022/ G003/000384	Solicitud de suspensión temporal de licenza de taxi núm 3 [REDACTED]	000374/2022	02-06-2022 14:31
2022/ G003/000053	PLAN PREVENCIÓN DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS	000375/2022	02-06-2022 19:18
2022/ G003/000338	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 10 DA OBRA -REFORMA DA ESCOLA UNITARIA DE CAMPOLONGO-, POS+2019/ADICIONAL.	000376/2022	02-06-2022 19:18
2022/ G003/000320	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 8 E Nº 9 DA OBRA -REFORMA DA ESCOLA UNITARIA DE CAMPOLONGO-, POS+/2019 ADICIONAL.	000377/2022	02-06-2022 19:18
2022/ G003/000279	APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS Nº 1 A Nº 6 DO PROXECTO -ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME- (IDAE 2019).	000378/2022	02-06-2022 19:18
2022/ G003/000411	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL MONTserrat SOTO SOTO POR AUSENCIA DA SECRETARIA TITULAR O DÍA 03.06.2022.	000379/2022	03-06-2022 09:06
2022/ G003/000412	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 14, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 6. GASTOS DE PERSOAL.-	000380/2022	03-06-2022 10:26
2022/ G003/000406	DIFERENCIA DE VALORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O XURADO DE EXPROPIACIÓNS DE GALICIA NA CP-4803 TRAVESIAS MIÑO A PONTEDEUME	000381/2022	03-06-2022 10:26

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2022/ G003/000396	TESOURERIA: ESTADO DE CREDITOS EMBARGADOS 2022	000382/2022	03-06-2022 10:26
2022/ G003/000413	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 15, XERACIÓN DE CRÉDITO 7, REDE CULTURAL.-	000383/2022	03-06-2022 10:26
2022/ G003/000402	PAGO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA. 1º TRIMESTRE 2022	000384/2022	03-06-2022 10:26
2022/ G003/000403	ACHEGA COFINANCIAMENTO Á ASOCIACIÓN SEITURA 22 DO ANO 2022	000385/2022	03-06-2022 10:27
2022/ G003/000414	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN " MELLORA E ACONDICIONAMENTO DAS CONDICIÓNS DA NSTALACIÓN DO PUNTO LIMPO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME"	000386/2022	03-06-2022 14:29
2022/ G003/000398	XESTIÓN DE ELECTORES NON LOCALIZADOS NA BASE DO DNI DO MINISTERIO DO INTERIOR - BAIXA OFICIO	000387/2022	06-06-2022 11:35
2022/ G003/000393	ADQUISICIÓN DE TERRENO EN OMBRE- BUFARDA	000388/2022	07-06-2022 09:53
2022/ G003/000391	ADQUISICIÓN TERRENO PARA APARCADOIRO EN ANDRADE	000389/2022	07-06-2022 09:53
2022/ G003/000410	ADQUISICIÓN TERREOS PARA APARCADOIRO EMPEDRADO 21	000390/2022	07-06-2022 09:52
2022/ G003/000416	CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	000391/2022	07-06-2022 09:52
2022/ G003/000421	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 17, XERACIÓN DE CRÉDITO 8. ÁRBORES SENLLEIRAS.-	000392/2022	08-06-2022 16:06
2022/ G003/000417	Solicitud Subvención Cultura no Camiño. Agadic 2022	000393/2022	08-06-2022 23:34
2022/ G003/000419	Solicitud Subvención AGADER 2021-22	000394/2022	08-06-2022 23:34
2022/ G003/000420	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16. TRANSFERENCIA NÚMERO 7. VARIAS ÁREAS DE GASTO.-	000395/2022	08-06-2022 23:34
2022/ G003/000409	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO 9BIS 99500000025872	000396/2022	08-06-2022 23:34
2022/ G003/000401	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000025812	000397/2022	08-06-2022 23:34
2022/ G003/000408	PAGO COTAS COMUNIDADE DO ANO 2022 LOCAL A E LOCAL B DO EDIFICIO SITO EN AV. DR. VILLANUEVA Nº 34	000398/2022	09-06-2022 10:52
2022/	PEL CONCELLO 2022	000399/2022	09-06-2022

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

G003/000424			11:08
2022/ G003/000373	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/10	000400/2022	09-06-2022 21:48
2022/ G003/000425	Solicitud Subvención Rehabilitación y asignación de nuevos usos de las "LONXAS DE RAXOI" y su entorno	000401/2022	09-06-2022 23:28
2022/ G003/000439	Tramitación de Decretos, Resolución nomeamento en acumulación Sonia Corral Corral	000402/2022	13-06-2022 23:31
2022/ G003/000423	TESOURERIA- PADRON ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DE BEIRARRUAS E RESERVA DE APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORIAS, EJERCICIO 2022	000403/2022	13-06-2022 23:31
2022/ G003/000428	Proposta de baixa e proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia	000404/2022	13-06-2022 23:31
2022/ G003/000429	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000405/2022	13-06-2022 23:34
2022/ G003/000430	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMETO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000406/2022	14-06-2022 09:21
2022/ G003/000422	TRAMITACIÓN XUNTA-CONCELLO POSTA EN FUNCIONAMENTO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL-NOVO AULARIO	000407/2022	14-06-2022 09:21
2022/ G003/000434	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE	000408/2022	14-06-2022 09:21
2022/ G003/000444	DECRETO CALENDARIO EDM VERÁN 2022	000409/2022	14-06-2022 12:27
2022/ G003/000446	Solicitud General a nombre de... Solicita: Empadronarme en mi nueva dirección.. RESOLUCIÓN POR DESESTIMIENTO E ARCHIVO DO EXPEDIENTE 2022/H003/000043	000410/2022	14-06-2022 17:35
2022/ G003/000452	Sesión ordinaria da XGL do día 16 de xuño de 2022	000411/2022	15-06-2022 14:24
2022/ G003/000431	Solicitud de Alta no padrón de habitantes [REDACTED]. Resolución por desestimiento e arquivo do expte. 2021/H003/000223	000412/2022	16-06-2022 09:58
2022/ G003/000450	Solicitud de Alta y Modificaciones Padronales a nombre de... Estimación parcial da solicitude de alta no padrón municipal de habitantes	000413/2022	16-06-2022 09:55
2021/ G003/000651	ORDENACIÓN PAGO. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL, [REDACTED]	000414/2022	16-06-2022 09:55
2022/ G003/000448	SOLICITA O ALTA NO PADRON - Resolución por desestimiento e arquivo do expediente 2021/H003/000237	000415/2022	16-06-2022 09:55

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2022/ G003/000441	RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DANOS VEHÍCULO MATRÍCULA 6448-DMS.	000416/2022	16-06-2022 09:55
2022/ G003/000437	VENDA DIRECTA DE PRODUTOS PRIMARIOS POLAS PERSOAS PRODUTORAS Á PERSOA CONSUMIDORA FINAL EMPRAZADAS NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL.	000417/2022	16-06-2022 09:55
2022/ G003/000432	SOLICITA O ALTA NO PADRON. Estimación parcial da solicitude de Alta no Padrón Municipal de Habitantes procedendo á alta de ...	000418/2022	16-06-2022 09:55
2022/ G003/000433	RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.	000419/2022	16-06-2022 09:55
2022/ G003/000354	Concesión de axudas ás familias para adquisición de material escolar. Curso escolar 2022-2023. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO.	000420/2022	16-06-2022 09:55
2022/ G003/000443	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/11	000421/2022	16-06-2022 10:51
2022/ G003/000453	MODELO 111 IRPF, MAIO 2022	000422/2022	16-06-2022 22:46
2022/ G003/000455	Convocatoria selección personal. Contratación de un peón, persoal perceptora RISGA.	000423/2022	16-06-2022 22:46
2022/ G003/000445	Solicitud Subvención Aprol Rural 2021	000424/2022	17-06-2022 11:38
2022/ G003/000457	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 18, XERACIÓN DE CRÉDITO 9, SOCORRISTAS.-	000425/2022	17-06-2022 13:35
2022/ G003/000458	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 19, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 8. SOCORRISTAS.-	000426/2022	17-06-2022 13:34
2022/ G003/000461	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2, INCORPORACIÓN DE REMANENTES.-	000427/2022	20-06-2022 12:19
2022/ G003/000463	LISTAXE ADMITIDOS PREINSCRIPCIÓN EDM VERÁN 2022	000428/2022	20-06-2022 14:28
2022/ G003/000427	ADQUISICIÓN DE TERRENO EN OMBRE-BUFARDA	000429/2022	20-06-2022 14:46
2022/ G003/000440	APROL RURAL 2022	000430/2022	21-06-2022 10:38
2022/ G003/000449	SEGUROS SOCIAIS MES MAIO 2022.	000431/2022	21-06-2022 10:38
2022/ G003/000474	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 27/06/2022	000432/2022	21-06-2022 14:20
2022/	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA	000433/2022	21-06-2022

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

G003/000473	COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 27/06/2022		14:51
2022/ G003/000464	Solicitud Subvención PEL- Orquestas. Deputación 2022	000434/2022	22-06-2022 09:54
2022/ G003/000471	Tramitación de Decretos Aprobación e publicación da listaxe das persoas participantes na actividade municipal Rueiras/Rueiros de verán 2022	000435/2022	22-06-2022 09:54
2022/ G003/000386	APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO PREMIO DO "XXXII CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME	000436/2022	22-06-2022 09:54

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

10.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia

11.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron mocións urxentes

12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, D. Santiago José Rodríguez, formula no Pleno de xuño os seguintes **ROGOS**:

- Rogamos hagan los trámites necesarios para el desbroce de las cunetas de la carretera DP-4803 que discurre por las parroquias de Centroña y Boebre.

- Rogamos se estudie la poda o la corta del árbol que está en la esquina del edificio Tenreiro ya que está seco y caen ramas.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, D. Santiago José Rodríguez, ademais dos rogos presentados por escrito formula o seguinte **ROGO**:

- Rogamos a limpeza das beirarrúas de Andrade máis a de Avenida de Ferrol

Non se formulan Rogos por parte do grupo municipal do BNG

O grupo municipal do Partido Popular na corporación municipal, presenta para o Pleno do mes de xuño as seguintes preguntas, transcribíndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno local.

APARCAMIENTO

Uno de nuestros problemas en nuestro pueblo es el aparcamiento y a pocas semanas de los meses de más turismo en nuestro concello, queremos saber lo siguiente.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

¿Tienen alguna alternativa prevista para solventar este problema?

RESPOSTA DO GOBERNO

Como se anunciou, o Goberno Local está a xestionar a implantación de distintas zonas de aparcamento na nosa Vila, mediante a compra de terreos ou a cesión temporal dos mesmos, por parte dos seus propietarios.

Actualmente ten pechado un acordo de compra para un solar na rúa empedrado, a cesión doutro nas inmediacións da rúa Ría de Ares, e a adaptación doutro na zona de Ricardo Sánchez. Así mesmo, seguimos xestionando a adquisición doutras fincas para tal fin, das que se irá dando conta a medida que vaíamos pechando os acordos.

Así mesmo, vense de realizar o pintado da zona azul na Praza do Conde. Unha vez entre en vigor, permitira a rotación de vehículos en períodos de 1,5 horas, o que segundo está constatado por numerosos estudos, equivaldrá a triplicar o número de prazas existentes. Tamén está moi avanzada a obra de reforma e mellora do aparcamento a carón do pescador, o que permitirá gañar espazo e optimizar prazas de estacionamento.

PLAYA DE VER Y CENTROÑA

Ante el informe de la Consejería de Sanidad que indica que la playa de Ver como la de Centroña sigue con la prohibición del baño.

¿Qué postura va tener el concello paras que se cumplan?

RESPOSTA DO GOBERNO

Resulta sorprendente esta pregunta, posto que son vostedes perfectamente coñecedoras da situación e das xestións realizadas polo Concello a este respecto.

No que á praia de Ver se refire; no ano 2017 o Alcalde conseguiu o compromiso da por aquel entón Conselleira de Infraestruturas, Beatriz Mato, para financiar unha obra de renovación da rede de saneamento e construción dun bombeo en ver, e a dotación dunha mini-depuradora na zona de Sixto.

En base a ese acordo, por parte da Consellería de Infraestruturas e Movilidade redactouse o proxecto que se financia con fondos europeos, procedeuse a licitar as obras e recentemente adjudicáronse os traballos á empresa Petrolam. A día de hoxe, e segundo as conversas mantidas con parsoal técnico de Augas de Galicia, dende o ente autonómico estase a xestionar coa empresa adjudicataria a data de inicio das obras.

En canto á praia de Centroña, o Concello redactou un proxecto que foi aprobado en pleno para a súa inclusión no Plan Único da Deputación, administración que financiará as obras. Tras ter acadado os distintos informes sectoriais, procedeuse á licitación dos traballos, que foron adjudicados recentemente á empresa "Permuy, Electricidad, Construciones y Obras"; e que darán comezo unha vez lle sexan subministradas as novas bombas de impulsión.

En todo caso, cabe sinalar que nas analíticas das augas destes dous areais, encargadas polo Concello e realizadas durante o inverno, arroxaban un resultado da calidade "suficiente".

EDIFICIO DEL PICHO

El 28 de enero del 2021 anuncian en redes sociales que el concello cierra un preacuerdo para la adquisición del edificio abandonado del Picho.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

¿En qué estado se encuentran hoy los trámites de esta compra ?

RESPOSTA DO GOBERNO

Actualmente estamos á espera dun informe de Patrimonio, para poder pechar o expediente e proceder ao pago e adquisición da parcela.

O voceiro do grupo municipal do BNG, D. Luis Pena, formula a seguinte pregunta oral:

- Cal é a situación, despois de quebrar a empresa, da obra do saneamento do peirao?
- Responde D. Bernardo Fernández, Alcalde-Presidente, foi unha cesión de contrato, unha nova empresa (PRACE), non houbo que volver a quitar a licitación, saíu ben a pesar da lentitude.
- O voceiro do grupo municipal do BNG, D. Luis Pena, tamén pregunta, cal é a situación do sistema eléctrico do mercado?
- Responde D. Bernardo Fernández, explica que cada posto ten establecido un consumo, pero hai postos que excedían do consumo indicado, e advertíuselle ao respecto, en principio non existe problema de instalación, simplemente se ten que modificar o boletín para dar traslado a Fenosa.

A concelleira do PSdeG-PSOE, D^a Alejandra Bellón abandona a sesión ás 13 horas e 30 minutos

O concelleiro do Partido Popular, D. Luis Ángel Díaz abandona a sesión as 13 hora e 31 minutos

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e dous minutos do expresado día.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 28/07/2022, segundo o borrador asinado o día 22/07/2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.